



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



OPEN LIGA DE CLUBS MAR-COSTA

O Campionato Galego Open Liga de Clubs Mar-Costa, Categoría Absoluta, está convocado pola Federación Galega de Pesca e Casting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación na Coruña, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade. A Competición rexerese polas normas de pesca da nosa Comunidade e polo Regulamento de Competición de Pesca Deportiva e Casting da F.E.P. e C.

Lugar e Data:

Desenvolverase en PRAIA DE COROSO (Capacidade do escenario 8 equipos) Terán preferencia os clubs participantes na última liga.

Alternativa: PRAIA DE AGUIEIRA

Na data : 10 de abril de 2021. Data alternativa 24 de abril.

Ao ser esta Competición un Open os Equipos terán que facer, para a súa inscrición, un ingreso de 225,00 €, (20+25)x5, na conta da **F.G.P.** en ABANCA: **ES34 2080 0176 9630 4001 0672** ata a data linde do **5 de abril ás 15,00 horas.** As inscricións serán exclusivamente ao correo delegadocoruna@fgpesca.org As feitas a outro correo non se contabilizarán.

Os Clubs que o desexen poden presentar mais dun equipo, neste caso terán que inscribilos como equipo A, equipo B, etc.... A inscrición, unha vez tódolos Clubs teñan un representante (equipo A), e segundo a capacidade do escenario, poderanse inscribir os equipos B. Estas prazas concederanse en función do número de tarxetas federativas de cada Club teña tramitadas no ano 2020, tendo prioridade o club que máis tarxetas tramitase, e así sucesivamente se fose o caso. O día 6 comunicarse aos interesados cantos equipos foron aceptados.

É obrigatorio que cada Club achegue unha persoa para facer labores de Control. O non cumprimento deste acordo levará a que os membros dese Club non poidan participar na competición.

BASES

Xurado: A súa composición farase pública na reunión de Delegados/Capitáns para o Sorteio.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



Mangas: Desenvolverase en **dúas** mangas de **tres horas** cada unha delas. Tanto o inicio como o remate da manga será indicado con sinais acústicas.

A adxudicación dos distintos postos aos deportistas farase por sorteo. Os deportistas serán repartidos en cinco sectores. (un deportista de cada equipo por sector).

Capturas: Os exemplares presentados á pesaxe aos que, polo menos lles falte un centímetro para acadar a talla mínima legal, contarán como penalización que será a equivalente ao peso deses exemplares. A baila equipararase a robaliza.

Para que esta competición se desenvolva debe de haber unha participación de coma mínimo 5 equipos.

Material Deportivo:

Canas: Nesta especialidade de Mar Costa autorízase ter dúas canas en tarefa de pesca, podendo ter montadas, de reserva, outras máis.

Cebo: Subministrarao a Federación. Constará de 3 caixas de gavián , 2 de coreano e 3 caixas de norte na 1ª manga, e 7 caixas de gavián e 1 de coreano na 2ª manga. Será o cebo que se indica ou semellante, en todo caso serán iguais cantidades e especies para tódolos deportistas.

Anzois: Non poderán ser de medida inferior a 5 milímetros de anchura.

Será obrigatorio para todos/as os/as deportistas dispor como elementos auxiliares no posto de pesca dun caldeiro de polo menos 17 litros e un osixenador.

Medición e control das capturas

Consideraranse válidas tódalas capturas. Os peixes que non acaden a talla mínima regulamentaria puntuaranse cun punto por peza. As capturas introduciranse no caldeiro (anzoada ou desanzoada), antes de facer un novo lanzamento coa cana. O/A deportista que incumpra esta norma non se lle considerarán válidas ningunha das capturas feitas ata ese momento nesa manga.

As capturas serán verificadas polo xuíz, controis ou membros do Comité. En ningún caso poderá realizar o deportista só a verificación. Os peixes unha vez medidos devolveranse á auga no menor tempo posible.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



O/A deportista deberá de retirarlle o anzol á captura do xeito menos lesivo posible para o peixe, e deberá de manter a peza viva ata a súa verificación.

Programa.

13,00 horas: Encontro de participantes no escenario da proba. Control individualizado da temperatura.

13,30 horas: Sorteio de postos.

15,00 horas: Entrega da documentación.

16,00 horas: Inicio Primeira Manga.

19,00 horas: Fin da Primeira Manga.

PAUSA

20,00 horas: Inicio da Segunda Manga.

23,00 horas: Fin da Competición

Os horarios, poderán ser modificados por estar a praia ocupada por bañistas ou por outros condicionantes.

Rematada a competición farase a pesada, clasificación e entrega de premios.

O equipo campión representará a Galicia no vindeiro nacional da especialidade, no caso de que Galicia asista.

Normas de comportamento:

1º Para facer o lance prohíbese entrar na auga.

2º Unha vez feito o lance, os deportistas e as canas deberán estar na parte seca, dende onde se fará a acción de cravado e loita coa peza.

3º Ao sinal de fin da manga é obrigado desistir de inmediato na acción de pesca, debendo retirar o aparello da auga e poñendo as canas en repouso.

4º As capturas presentadas á pesaxe estarán libres de area, argazo, restos de aparellos, auga o calquera outros corpos alleos ás capturas mesmas.

5º Os deportistas agardarán a retirada das súas capturas no seu posto.

6º Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



7º Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

8º A pesaxe comezará media hora despois do sinal de fin de proba.

9º Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba significará a expulsión inmediata da mesma. Elevarase acta ao Comité de Disciplina ou Xuíz Único de Competición que actuará segundo corresponda.

10º Ao longo da proba o uso da mascariña é obrigatorio en todo momento.

11º Para outras disposicións non recollidas nas presentes bases, rexeranse polas Normas da Federación Española de Pesca y Casting da especialidade.

Nota importante:

No sorteo só poderán estar presentes 2 representantes dos deportistas inscritos (que serán nomeados polos propios deportistas vía grupo de wassap creado para esta competición) e 2 membros da organización (total 4 persoas). Estas 4 persoas serán tamén as únicas que poderán estar presentes na pesaxe, ademais do xuíz. Que intervirá só en caso de necesidade ou dúbida.

Por mor da actual crise sanitaria a organización non entregará, nin fará servir, ningunha clase de comida nin bebida aos participantes. Cada participante deberá traer as súas propias bebidas e comidas debidamente identificadas.

Prégase consultar na páxina web da Federación o Protocolo Covid-19 (www.fgpesca.org)

É imperativo que unha vez rematada a competición, mentres esteamos á espera da clasificación e entrega de premios, usemos a mascariña en todo momento, teñamos as mans desinfectadas, non ocupemos espazos pechados e manteñamos a distancia de seguridade.

Que poidamos seguir desenvolvendo a nosa actividade con seguridade tamén depende de todos nós.

Para esta competición o responsable do protocolo COVID-19 será o Delegado Provincial da FGPeC D. José Ramón Varela Castro tlf 670907902

Asdo. Pedro Bolaño Pérez
Presidente do Comité de Mar-Costa